

Parus major (Linnaeus, 1758)

	ferreiriño real
	carbonero común
	kaskabeltz handia
	mallerenga carbonera
	great tit
	chapim-real



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	18 g
Lonxitude	14 cm
Envergadura	22,5-25,5 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Paridae	<i>Parus</i>

ALIMENTACIÓN

Coleópteros e himenópteros, así como larvas de lepidópteros e froitos.

COMPORTEMENTO

Ambos sexos constrúen un niño con musgo, pelo e plumas en buratos de árbores. A finais do inverno comezan a busca deses buratos, que terán que ser defendidos doutros ferreiriños reais no caso de que escaseen.

Trátase dunha especie alegre que está sempre en movemento buscando comida poñéndose boca abaixo nas ramas, trepando por troncos, inspeccionando follas e gretas, etc.

REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo. 2-3 postas de entre 8-13 ovos brancos con moteado vermello-pardo, que a femia incuba durante 12-14 días. Os polos son capaces de voar ás 3 semanas e independízanse ás 6-7 semanas.

HÁBITAT

En calquera lugar con árbores, xa sexan mestos ou dispersos.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente estendida por Europa, noroeste de África e Asia (ata Xapón, Indochina e Indonesia).

CURIOSIDADES

Resulta curioso nos ferreiriños reais que, pese a ser unha ave que pon ovos en zonas escuras como son as oquedades de árbores, cando a femia abandona o niño esta tapa adicionalmente os seus ovos cos materiais que os rodean para escondelos aínda máis.